



# VETERANOS ACTIVOS

RUTAS

DO RÍO DA CHANCA E DA PEDRA E DA AUGA  
BARRANTES (Pontevedra)

MÉRCORES 19 DE OUTUBRO DE 2022

Este mércores faremos unha fermosa camiñada polos ríos Chanca e Armenteira, entre muíños, fervezas e vexetación exuberante. Visitaremos o Mosteiro de Armenteira.

A ruta do río Chanca discorre polos concellos de Meaño e Meis. Comezaremos a camiñar río arriba en Lores. Iremos por un camiño doado, con boa planta, entre árbores froiteiras, viñedos, algún lavadoiro e varios muíños. Un dos muíños foi reconvertido nun bar xunto a unha pequena ferveza e unha praia fluvial. Algúns están restaurados, outros, en ruínas. Hai que destacar o Muíño do Crego e o Pontillón, cun cubo cilíndrico (cano onde entra a auga) construído con aneis de pedra superpostos, todo un exemplo da mestría dos antigos canteiros.

Tamén veremos a Igrexa de Santa María de Simes.

Namentres ascendemos chegaremos a un bonito tramo, con vexetación caducifolia. Cruzaremos a estrada e chegaremos a unha pista

de terra, pasando por un fermoso cruceiro de pedra.

Xa ó final deste percorrido atoparemos o muro que anuncia a presenza do Mosteiro de Armenteira que visitaremos con guía ás 16:00 horas, logo do xantar na vila.

Posteriormente iniciaremos a Ruta da Pedra e da Auga, polo río Armenteira. Trátase do antigo camiño que daba servizo aos muíños e o que leva os romeiros que acoden á **Romaría de Nosa Señora das Cabezas** para sandar as súas cefaleas.

Visitaremos diversos muíños construídos no século XVIII. Todos eles alumados en homenaxe aos seus propietarios ou a súa localización. Uns eran privados, de labregos ou gandeiros que transmitían a propiedade por herdanza, outros comunais, con xornadas de moenda repartidas, e outros de maquia propiedade de muiñeiros que cobraban en gran por facer a moenda.

Seguiremos polo curso do río, a través du-
















nha frondosa e impresionante fraga de amieiros, salgueiros, bidueiros, carballos, sabugueiros, entre outras especies. Sucado por regachos e fervezas ata chegar á Aldea Labrega, un conxunto escultórico, obra da Escola de Canteiros da Deputación de Pontevedra, inaugurado en agosto de 2008. Figuras talladas en granito: persoas, animais, un hórreo, un pozo, un forno, unha fonte, un lavadoiro, unha igrexa e un cruceiro que representan elementos patrimoniais da cultura galega. .

Ao remate chegaremos ao restaurante Peñeira Restobar da AG-41. Alí tomaremos unha cervexa e subiremos ó autobús.

NOTA: É posible que poidamos tomar algún petisco nalgún dos dous bares a carón do mosteiro, máis convén levar o xantar .

Guías: Carmina, Carmen e Minu

<b>MIDE</b>		RIO DA CHANCA -PEDRA E AUGA	
horario	7 h   1	severidade do medio natural	
desnivel de subida	384 m   2	orientacion en el itinerario	
desnivel de bajada	380 m   2	dificultad en el desplazamiento	
dístanza horizontal	12 km   2	cantidad de esfuerzo necesario	
tipo de recorrido	Travesía 		
Condiciones de todo el año, tiempos estimados según criterio MIDE, sin paradas.			
Calculado sobre datos de 2022.			

### PRÓXIMAS ACTIVIDADES

23 Outubro. Devesa da Rogueira-Pico Formigueiros. O Courel (Lugo)

28 Outubro-1 Novembro. Sendeirismo de montaña en Reinoso (Cantabria).

9 Novembro. Veteranos Activos. Senda de Boborás-Pazos de Arenteiro (Ourense).

13 Novembro. Coñece e Camiña. Carballeiras de Brión ( A Coruña)

23 Novembro. Veteranos Activos. Santiago-Ruta río Sarela-Ruta Xacobeia-Ponte Maceira (A Coruña).

18 Decembro. Coñece e Camiña. Terra do Xallas—Santa Comba (A Coruña)

### SOCIEDADE DE MONTAÑA ÁRTABROS

R/Santa Teresa,14-baixo– 15002 A Coruña  
Horario de oficina:

De luns a xoves de 20 a 22 horas.

Venres de 18 a 20 horas.

Teléfono: 981 21 31 15

Correo electrónico: [artabros@artabros.org](mailto:artabros@artabros.org)

Inscripcións: Socios 16 € - Non socios: 25 €

SAÍDA: 9 Horas, do Pavillón de Deportes de Riazor, coas paradas de J.Flórez e Alfonso Molina.

Clave da actividade para poñer no pago por transferencia: 712100384

Conta: ES25-2080 5565 0030 4000 2362



